



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERAN A CONTRATACIÓN PARA ADXUDICAR, POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, O CONTRATO DA OBRA "MELLORA DA SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DAS NEVEIRAS DE FIXO", DACORDO A ORDE DA AXENCIA TURISMO DE GALICI DE 29/12/2016.

Expediente:Obras 3/2017

1ª.- OBXECTO E CUALIFICACIÓN DE CONTRATO.-

Constitúe o obxecto do contrato a realización das obras de "**MELLORA DA SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DAS NEVEIRAS DE FIXO**". con arranxo ao proxecto técnico redactado pola arquitecta dona María García Couto.

O proxecto técnico, condicións técnicas e cadros de prezos xuntamente coas cláusulas económico-administrativas deste prego, terán carácter contractual.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2ª.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.-

A forma de adxudicación do contrato das obras de "**MELLORA DA SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DAS NEVEIRAS DE FIXO**", será o **procedemento negociado sen publicidade**, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrencia, é dicir, será necesario solicitar ofertas, ao menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato.

3ª.- PERFIL DO CONTRATANTE.

Co fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa a súa actividade contractual, é sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.forcarei.net.

4ª.- IMPORTE DO CONTRATO.-



4.1.- O importe do presente contrato ascende á contía de sesenta e dos mil cincocentos euros **(62.500.-€)**. O prezo certo anterior queda detallado nun valor estimado de cincuenta e un mil seiscentos cincuenta e dous euros con oitenta e nove céntimos **(51.652,89.- €)** e no Imposto sobre o Valor Engadido de dez mil oitocentos corenta e sete euros con once céntimos **(10.847,11 €)**

O valor estimado do contrato ascende á contía de cincuenta e un mil seiscentos cincuenta e dous euros con oitenta e nove céntimos **(51.652,89.- €)** (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións deste.

4.2.- O importe abonarase con cargo á partida 336.619 do presuposto de gastos de 2017; existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato con cargo a o seguintes:

- XUNTA DE GALICIA 46.875,00 (75 %)
- CONCELLO DE FORCAREI..... 15.625,00 (25 %)

5ª.- DURACIÓN DO CONTRATO.-

A duración do contrato de obras de "**MELLORA DA SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DAS NEVEIRAS DE FIXO**", será de **2 meses**.

A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación da implantación no prazo de 10 días dende a data de formalización do contrato.

6ª.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR.-

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a) Dos empresarios que foren **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, de ser o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, mediante a súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa



lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia nalgunha das prohibicións de contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos; cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, este poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, un notario público ou un organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse tamén por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1. A **solvencia económica e financeira** do empresario acreditarase, de acordo co art. 75 do TRLCSP:

Deberase acreditar un volume anual de negocios referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos exercicios concluídos por un importe mínimo dunha vez e media do valor anual medio do contrato.

Documentación a presentar:

a) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís):
- As contas anuais (conta de perdas e ganancias) dos cinco últimos anos presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda e/ou os modelos 200 (declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades) dos tres últimos anos.

b) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada.



- Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos (que deberán estar debidamente legalizados para aqueles que teñan a mencionada obriga).

- Modelo 390 (declaración do resumo anual IVE) dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos tres últimos anos.

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva.

-Libro de rexistro de vendas e ingresos dos tres últimos anos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do IRPF) dos últimos tres anos.

-Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de vendas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. No caso de non dispor do libro de rexistro de vendas e ingresos a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa.

3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario acreditarase, de acordo co art. 76 do TRLCSP:

a) Relación das obras executadas no curso dos dez últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas cales se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo.

O importe destes contratos xustificados no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato, o da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

b) Declaración na que se indicará a maquinaria, o material e o equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se lle achegará a documentación acreditativa pertinente.

c) A Clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que a obtivesen, e para cas celebracións non se esixa estar en posesión da mesma (art.74. 2).

d) A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Estado acreditarán fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflexado e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto a súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia



ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas dunha Comunidade Autónoma acreditará idénticas circunstancias a efectos da contratación coa mesma, coas entidades locais incluídas no seu ámbito territorial, e cos restantes entes, organismo ou entidades do sector público dependentes dunha e outras.

7ª.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.-

As ofertas presentaranse no **Concello**, na Praza da Igrexa nº 1, en horario de atención ao público de 8:30 a 14 horas de luns a venres, no **prazo de dez días naturais** contados a partir do día seguinte ao que reciban a invitación para tomar parte na contratación.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta, o mesmo día, mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do licitador.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama levarase a cabo mediante unha dilixencia emitida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirá a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición *[sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro]*. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicional por parte do



empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en **dous sobres pechados**, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda **Proposición para licitar a contratación das obras de “MELLORA DA SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DAS NEVEIRAS DE FIXO”**. A denominación dos sobres é a seguinte:

— **Sobre «A»:** Documentación administrativa.

— **Sobre «B»:** Proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

[SUPOSTO A) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE DECLARACIÓN RESPONSABLE]

a) Declaración responsable do licitador indicativa das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio para efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. _____, correo electrónico _____ con DNI núm. _____, en representación da entidade _____, con CIF núm. _____, para os efectos da súa participación na licitación _____, ante _____,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:



PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación das obras de _____.

SEGUNDO. Que cumpre todos os requisitos previos esixidos polo punto primeiro do artigo 146 do texto refundido da Lei de contratos do sector público para ser adxudicatario do contrato de obras consistente en _____, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, de ser o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, de ser o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público e que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de xeito directo ou indirecto, puidesen xurdir do contrato, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle poida corresponder ao licitador (en caso de empresas estranxeiras).
- Que o enderezo de correo electrónico en que facer notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos aos que se fai referencia no punto segundo desta declaración, en caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino esta declaración.

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura do declarante

Asdo.: _____»

[SUPOSTO B) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN CONFORME O ARTIGO 146.1 DO TRLCSP]

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.
- b) Documentos que acrediten a representación.



— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutra persoa, presentarán unha copia notarial do poder de representación, cuxa suficiencia será verificada polo secretario da corporación.

— Se o licitador é unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil cando sexa esixible legalmente.

— Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta.

d) Os documentos que acrediten a clasificación da empresa, se corresponde, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa está pendente de clasificación, deberase achegar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para isto, e deberase xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que realizar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán a declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puider corresponder ao licitador.

g) No caso de que o licitador este inscrito no rexistro de contratistas da Xunta de Galicia a presentación da dita inscrición substituirá a presentación da documentación sinalada nas letras a),b), e d)

SOBRE «B»



PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA

a) Proposición económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, correo electrónico _____ con DNI _____, en representación da entidade _____, con CIF _____, teléfono _____ informado do expediente para a contratación das obras de **“MELLORA DA SINALIZACIÓN E ACCESIBILIDADE DAS NEVEIRAS DE FIXO”** por procedemento negociado sen publicidade, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo prezo global e pechado de:

a) Prezo sen IVE.....€
IVE.....€
Total (A+B).....€
Melloras no prezo (diferenza entre prezo licitación e prezo ofertado).....€

b) Prazo de execución:.....

8ª.- CRITERIOS QUE SERVIRAN DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN.

Os criterios que han de servir de base a adxudicación serán os seguintes:

- a) Melloras no prezo
- b) Redución do prazo de execución.

Os criterios antes indicados ponderaranse como a continuación se especifica:

- Criterio a)..... 51 puntos
- Criterio b)..... 49 puntos

9ª.- MESA DE CONTRATACIÓN.- APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.

Concluído o prazo de presentación de proposicións a Mesa de Contratación cualificará previamente en sesión non pública os documentos que integran o SOBRE A “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”. Se a mesa de contratación observara



defectos formais na documentación presentada, concederá un prazo non superior a 3 días para que o licitador o susana.

A mesa de contratación estará integrada do seguinte modo:

PRESIDENTE:

- Belén Cachafeiro Anta, Alcaldesa do concello de Forcarei ou o concelleiro en que delegue.

VOCAIS:

- M^a Elena Sueiro Fernández, Secretaria do Concello de Forcarei, ou funcionario en quen delegue.
- Ricardo Villaverde Iglesias 1^o Tenente de Alcalde, ou concelleiro en quen delegue.
- Fernando Canabal Barreiro, Administrativo do Concello de Forcarei, ou funcionario en quen delegue.
- Marcelino Armada Fernández, Administrativo do Concello de Forcarei, ou persoa na que delegue.
- M^a del Carmen Mato Cachafeiro, Administrativo do Concello de Forcarei, ou persoa na que delegue, que **actuará como secretaria da mesa.**

10^a.- APERTURA DE OFERTAS.

A Mesa de Contratación en acto público, na casa consistorial, **as doce horas do terceiro día hábil seguinte o da finalización do prazo de presentación de proposición**, dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no sobre A, indicando os licitadores excluídos e as causas da súa exclusión, e invitando ós asistentes a formular observacións que recollerán na acta.

A continuación, o secretario da mesa, procederá á apertura do sobre B, e dará lectura ás proposicións formuladas neles.

Aberto o sobre B, a mesa finalizará o acto público de apertura de proposicións, pasando a deliberar sobre os criterios valorables segundo os pregos e podendo solicita-los informes ou asesoramentos que teña por convenientes.

Realizadas as anteditas actuacións, abrirase a fase de negociación coas empresas. Os aspectos económicos e técnicos que van ser obxecto de negociación son os indicados na cláusula oitava do presente prego.

A negociación farase a unha soa volta, comunicando a Sra. Alcaldesa, a través do enderezo electrónico aos licitadores as ofertas presentadas, sen expresar de que licitador son, garantindo en todo momento a confidencialidade das mesmas, e concedéndolle un prazo de dous días hábiles para que, no seu caso, melloren a súa primeira oferta.



Para o caso de ofertas idénticas, solicitarase aos participantes cuxas propostas coincidan a que formulen por escrito nova proposta.

De todo o actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Concluída a negociación, darase conta de todo o actuado ao órgano de contratación (XGL).

Unha vez examinados os informes solicitados sobre as melloras propostas polos adxudicatarios, a mesa formulará proposta de adxudicación ao órgano de contratación a favor da proposición que, en conxunto considere máis vantaxosa. Esta non crea dereito algún a favor do empresario proposto.

De non constituírse a mesa de contratación, o órgano de contratación, previos os informes técnicos que considere oportunos, valorará no seu conxunto as distintas ofertas e previa negociación dos aspectos económicos e técnicos, no seu caso, acordará a adxudicación provisional do contrato, en resolución motivada que se notificará aos licitadores e publicarase no perfil do contratante.

11ª.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

O carácter desproporcionado ou temerario da oferta será analizado á vista dos informes que, para o efecto, poidan asinar os técnicos municipais. Con anterioridade á emisión deste informes, solicitarase da empresa ofertante a xustificación da viabilidade da súa proposta, que deberá presentar no prazo de 3 días hábiles e referirse aos termos sinalados no artigo 152.3 do TRLCSP, sobre esta xustificación pronunciaranse os informes técnicos.

Tal e como establece o artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos:

- Cando concorrendo, un solo licitador, esta sexa menos ó presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran dous licitadores a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais a outra oferta.
- Cando concorran tres licitadores consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da mesma a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á dita media.
- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media solo coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. En todo caso, se o



número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

Así mesmo, o órgano de contratación, tendo en conta a relación entre a solvencia da empresa e a oferta presentada, e á vista das explicacións do licitador e dos informes técnicos, declarará que a oferta non poderá ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores desproporcionados ou anormais, cando o custo das variantes ou melloras sinaladas na oferta supoñan a imposibilidade de obter beneficio algún coa execución do contrato neses termos.

As ofertas así declaradas serán excluídas da licitación.

12ª.- . REQUIRIMENTO DA DOCUMENTACIÓN.

Unha vez recibidos os informes e reunida de novo a mesa de contratación, esta propoñerá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

No caso de achega inicial de documentación mediante declaración responsable (suposto A) deberá temen achegar toda a documentación requirida no suposto B.

13ª.- GARANTÍA DEFINITIVA.

O candidato que presente a oferta considerada máis vantaxosa no seu conxunto deberá acreditar a constitución da garantía **do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.**

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as que deban producir efecto, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante un aval, prestado na forma e nas condicións que establezan as normas de



desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante un contrato de seguro de caución, realizado na forma e nas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no sector. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

14ª.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.**

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes puntos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se rexeitou a súa candidatura.
- A respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de xeito resumido, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentaron os restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas.



- Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que se debe proceder á formalización.

15ª.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo **efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación**; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

16ª.- DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinale o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 e 157 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

B) Obrigas do contratista

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das



disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro para os casos de subcontratación.

— Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.

— O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.

— Gastos esixibles ao contratista. Correrán pola conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación, ata o límite máximo de seiscentos euros, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen. En caso de que o esixa algunha das administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa custa letreiros de identificación da obra, coas características que se establezan.

17ª.- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo de seguridade e saúde *[(ou, se é o caso), estudo básico de seguridade]* do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral. Unha vez realizado este trámite, procederase á acta de implantación e inicio da obra.

18ª.- REVISIÓN DE PREZOS.

Dada a duración do contrato non é aplicable a revisión de prezos do artigo 89 do **Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro**



19ª.- RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA.

Á recepción das obras, no momento da súa terminación, concorrerá o responsable do contrato, se houberse un nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se se considera oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista á conta da liquidación do contrato.

Se se encontran as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daraas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o director delas sinalará os defectos observados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para remediar aqueles. Se, transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuou, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou poderase declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de un ano contado desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este for favorable, o contratista quedará liberado de toda responsabilidade, salvo da responsabilidade por vicios ocultos, e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pagamento das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. Se o informe non for favorable e os defectos observados se deberen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a lle ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído e concederlle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción.



20ª.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación da implantación e do inicio das obras, dentro do prazo de 10 días dende a data de formalización do contrato, salvo en casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a realizar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do proxecto de obras; esta segunda acta do resultado redactarase e será asinada por ambas as partes interesadas. Remitiráselle un exemplar dela ao órgano que asinou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle deren ao contratista o director facultativo das obras, *[e, de ser o caso, o responsable do contrato]*, nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

21ª.- FACTURAS

Conforme a disposición adicional trixésimo terceira do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que lle corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os seguintes aspectos previstos no punto segundo da disposición adicional trixésimo terceira.

- a) Que o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é a Intervención.
- c) Que o destinatario é Alcaldía.

[Deberase ter en conta que, de acordo co punto cuarto do artigo 216 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, para que proceda o inicio do cómputo



do prazo para a obriga de aboamento de xuros, o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, dentro do termo establecido e na forma pertinente, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou da prestación do servizo.]

22ª.- PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO.

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades *previstas no artigo 212.4 do TRLCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato].*

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución deste ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imponse penalidades na proporción *dá gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.*

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

23ª.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.-

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.



24ª.- RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.-

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e esta vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

FORCAREI, 26 de xuño de 2017
A ALCALDESA

Asdo.: Belén Cachafeiro Anta